



TITULO:

QUENDA DE GARDA SOCIAL PARA MULLERES E OS SEUS FILLOS E FILLAS MENORES, QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

En que consiste

É un servizo da Xunta de Galicia, en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, que ten por obxecto a atención social por parte dunha traballadora ou traballador social cara ás mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.

É un servizo especializado e permanente, ten carácter inmediato para situacións de urxencia, e prestarase as 24 horas do día, os 365 días do ano en todos os partidos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta quenda de garda é un servizo público de balde para as mulleres e menores ás/aos que vai dirixido

Quen presta o servizo?

Traballadoras e traballadores sociais con formación especializada na área de xénero e violencia de xénero con mulleres e menores.

Obxectivos

- -Facilitar un servizo de apoio integral, onde as mulleres e menores ou maiores dependentes ao seu cargo, apoio socio-asistencial, tratamento e asesoramento social, e posterior derivación e enlace cos dispositivos especializados.
- Facilitar información sobre os recursos e itinerarios de axuda social, económica e asistencial a disposición das vítimas de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Prestar soporte aos centros especializados que estean intervindo coas mulleres vítimas de violencia de xénero para acompañamento e apoio en distintas xestións administrativas ou de outra índole.

Quen o activa?



- Forzas e corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia
- Policía Autonómica e Policía Local de Galicia
- Xulgados con competencias en materia de violencia de xénero

Cómo se activa?

Cunha chamada ao Teléfono de Información ás Mulleres, 900 400 273, operativo 24 horas os 365 días ao ano.

MAIS INFORMACIÓN

Secretaría Xeral de Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro s/n 15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 957 699

Enderezo electrónico: vx.igualdade@xunta.gal

Páxina web: <http://www.igualdade.xunta.gal> www.mulleresengalicia.com

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Rúa Dublín 6 (baixo) Fontiñas Santiago de Compostela

Teléfono: 981 568 100

Enderezo electrónico: info@traballosocial.gal